

Os servizos sociais comunitarios do concello de Arzúa INFORMAN que o **prazo** para a solicitude de AXUDAS DE APOIO AO ESTUDO PARA O ANO 2024 permanecerá aberto do **xoves 19 de setembro ao mércores 2 de outubro**, ambos incluídos.

O obxecto destas axudas é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas presenten maiores dificultades para afrontar os gastos derivados da escolarización dos seus fillos e fillas.

Requisitos das persoas beneficiarias:

1. A persoa solicitante da axuda (pai, nai, titor/a) debe estar empadroada e residir de forma efectiva no Concello de Arzúa e convivir cos menores para os que se solicita a axuda.
2. Estar escolarizados nos niveis de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria nalgún dos centros educativos do municipio.
3. Estar ao día no pago das obrigas tributarias, da seguridade social, da administración autonómica e das do concello de Arzúa.
4. Non superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 7 da convocatoria.

Documentación a aportar coa solicitude:

- Impreso de solicitude cuberto e asinado pola persoa solicitante
- DNI/NIE/Pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar
- Libro de familia
- Matrícula ou xustificante escolar de atoparse matriculado para o curso 2024/2025 nos niveis de educación infantil, primaria ou secundaria obrigatoria nalgún dos centros educativos do municipio de Arzúa
- Declaración da renda de todos os membros computables ou autorización para que a administración local poida acceder aos datos fiscais asinada por todos os membros computables
- Certificación bancaria do número de conta
- Certificado de discapacidade e/ou dependencia, de ser o caso
- Certificado de vítima de violencia de xénero, de ser o caso
- Certificado de familia monoparental, de ser o caso

A **contía** das axudas será de **120 euros para cada alumno ou alumna**.

Gastos subvencionables:

- Material escolar funxible: libretas, folios, cores, lápiz, bolígrafos, carpetas, tinta de impresora...
- Material complementario: compás, regras, estoxo, mochilas, libros de lectura.

- Material deportivo: chandal, tenis, camisetas, calcetíns.
- Roupa de abrigo e calzado.

RECÓRDASE que para poder levar a cabo o pagamento da axuda será preciso que os beneficiarios presenten as facturas correspondentes dos gastos realizados para material escolar, dentro do prazo que se abrirá para dito fin. As facturas deben estar expedidas a nome da persoa solicitante da axuda e os conceptos deberán aparecer suficientemente claros e descritos e deberán estar datadas a partires do 1 de agosto de 2024.

A solicitude presentarase preferiblemente a través da sede electrónica do concello de Arzúa, no Rexistro Xeral da Casa da Concello ou por calquera das vías establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común.

Para máis información nos Servizos Sociais do concello de Arzúa no teléfono 981815297.